

CORPUS CHRISTI  
«O TEU COMPROMISO [CRISTIÁN] MELLORA O MUNDO»  
3 de xuño de 2018

✠ Luis Ángel de las Heras, CMF  
Bispo de Mondoñedo-Ferrol

Este ano para preparar a *Solemnidade do Corpus Christi*, que é igualmente o *Día da Caridade*, baixo o lema «O teu compromiso mellora o mundo», seguimos a invitación de Cáritas diocesana a acollermos na mesa do Señor, con predilección, aos inmigrantes e refuxiados. Cristo séntase a comer con eles e tódolos demais estamos convidados tamén a sentármonos a esta mesa na que todos podemos descubrir que o amor e maila misericordia de Deus sonnos próximos por medio de Xesús. El, na súa última cea, deixounos o recordo dun sacrificio de amor infinito. Este pan de riqueza incomparable chegou ata nós e aliméntanos para mirar aos máis pequenos e pobres coma os mira Cristo e para mirarnos entre todos coa mirada do Señor.

Por iso, os catro verbos que o papa Francisco nos invitou a conxugar en primeira persoa do singular e do plural cos emigrantes e refuxiados ao comezo deste ano debémolos conxugar con Cristo e cos irmáns nunha sola mirada eucarística: acoller, protexer, promover e integrar.

O compromiso cristián que mellora o mundo implicanos para *acoller a Cristo*, de sorte que os emigrantes e refuxiados entren de modo seguro e legal nos países de destino e acollida, sen medo ás expulsións. O noso compromiso exíenos *protexer a Cristo* para que los emigrantes e refuxiados podan gozar dos seus dereitos e dignidade humanos. Un paso máis comprometido para nós é *promover a Cristo*, de xeito que loitemos para que emigrantes e refuxiados podan realizarse como persoas en tódalas dimensións humanas, tamén na súa dimensión relixiosa. Por último, habemos de aceptar o reto de *integrar a Cristo*, de forma que se produza a comunión entre inmigrantes e pobos de acollida. A tal fin, temos que descubrir a grandeza do outro, en especial do diferente, recoñecer a validez dos seus froitos culturais máis logrados e dármonos nós a coñecer nos nosos, desenvolvendo unha cultura do encontro, propia de la Igrexa *Corpo de Cristo*. *Acoller, protexer, promover e integrar a Cristo* no rostro dos inmigrantes e refuxiados e no rostro de cada ser humano —noso irmán— é dar un paso necesario na construción do proxecto de fraternidade universal que exige o anuncio de Xesucristo neste mundo.

Nesta celebración e na procesión que a seguirá, contemplemos, adoremos e comprometámonos coa forza da Eucaristía, vínculo que nos mantén unidos a Cristo a aos irmáns coma os baceiros á vide. Alcemos a copa da salvación nesta festa do *Corpus Christi*, malia que nunca poidamos pagar ao Señor todo o ben que nos fai, nin saibamos responder coma corresponde á súa fidelidade na que nos sostemos. Alcemos a copa da Alianza nova e eterna, para superarmos calquera división, para evitarmos calquera exclusión, para congregármonos no banquete da unidade e dar froitos eucarísticos de acollida, protección, promoción e integración.

O Señor Xesús, que está connosco ata a fin dos tempos, selou co seu sangue unha Alianza que xa nada poderá romper. É a Alianza do amor de Deus coa humanidade, que nos sitúa nun mundo novo no que o noso compromiso non soamente mellora esta terra —nosa e de todos—, senón que nos libera interiormente a cada un para mostrar a cada home o camiño da paz duradeira, a xustiza auténtica e a liberdade plena: o fermoso camiño eucarístico do *Amor dos amores*.